



TRANSGACAR CELEBRA UNHA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA EN LALIN - 2015-10-14

<p>

Os empresarios do sector de transporte de viaxeiros reuníronse o sábado 26 de setembro en Lalin para analizar os moitos problemas que estas empresas teñen por diante, entre outros:</p>

<p>

- A actualización do IPC dos anos 2013 a 2015, que terá que facerse nos anos 2016 a 2020. A aplicación da cláusula de revisión do prezo destes contratos en función da variación anual do prezo do gasóleo. A finalización dos contratos de transporte escolar no ano 2020,</p>

<p>

- Os requerimentos da Axencia Tributaria Galega, con vistas a valorar se a prórroga dos contratos de prestación de servizos públicos de transporte, entre outros, os recollidos pola lei 5/2009, deben de tributar polo imposto de transmisións patrimoniais.</p>

<p>

- A contratación do SAE, que desenvolve GMV como contratista da Xunta de Galicia.</p>

<p>

-A finalización do Acordo Marco sobre Transporte nas Áreas Metropolitanas o 31 de decembro de 2015, xunto coa elaboración do plan de penetracións nos cascos das cidades para mellorar a mobilidade dos usuarios dos servizos de transporte público de uso xeral.</p>

<p>

A problemática que deriva da aplicación da Disposición Adicional 12 da lei de reestruturación do sector público galego, alterando a configuración do actual sistema de mobilidade.</p>

<p>

Os asistentes coincidiron en sinalar que o sistema de mobilidade en Galicia, vai sufrir grandes cambios, a curto prazo, pero descoñécese cal será o futuro deste e logo das empresas do sector e, que se espera delas o que dificulta, se non fai imposible, que estas continuen invertindo e apostando por Galicia.</p>

<p>

 </p>